

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS “INNOVACIÓN SOSTIBLE DA CÁTEDRA TELEFÓNICA-UVIGO”

O alumnado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h) dos Estatutos da Universidade, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a u universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Cátedra Telefónica Espazos de Innovación na Universidade de Vigo está comprometida, como se dispón no convenio marco firmado entre as dúas entidades, na potenciación de todas as actividades que contribúan a desenvolver, difundir e aplicar as novas tecnoloxías, así como seu impacto en diferentes áreas como a economía, a seguridade, a comunicación, etc., coa sociedade da información como horizonte. De forma especial, ambas entidades buscan promover a formación dos xoves profesionais nestas áreas.

Ambas as dúas entidades están comprometidas e interesadas na implantación, activación e difusión dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS) incluídos na Axenda 2030, en especial, aqueles vencellados coa aplicación das tecnoloxías e a innovación sostible que contribúan o desenvolvemento dos obxectivos ODS.

Vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenrolo.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 2/2023 de 22 de marzo do Sistema Universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade*,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, cinco Premios “Innovación Sostible” a Traballos Fin de Master (TfM) que serán xestionados de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por suplencia RR 14/07/2023 (DOG 06/07/2022)

*A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación
Belén Rubio Armesto*



CSV : GEN-e2c4-1f00-6444-80b6-e84c-1273-0aab-5725

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 24/07/2023 10:29 | NOTAS : F

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DOS
PREMIOS INNOVACIÓN SOSTIBLE DA CÁTEDRA TELEFÓNICA-UVIGO

1. OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto o recoñecemento dos Traballos de fin de Máster (TFM) realizados polo alumnado da Universidade de Vigo que se distingan por ser especialmente relevantes nas temáticas relacionadas con obxectivos de desenvolvemento sostible. En concreto se premiarán os traballos que presenten propostas de innovación que aborden melloras aos problemas da humanidade relacionados cos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) da Axenda 2030. <https://www.agenda2030.gob.es/objetivos/>

Convócanse 5 premios de 500€

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode participar nesta convocatoria o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- Ter superado o Tráballo fin Máster (TfM) durante o curso 2022/2023 na Universidade de Vigo cunha cualificación igual ou superior a 7 puntos.
- A temática do TfM debe estar relacionada con algún dos 17 obxectivos da Axenda 2030: para a comprobación do requisito deberá presentar xunto coa solicitude un informe do traballo de acordo coa descrición do punto 5.3 desta convocatoria.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro*.

3. COMPATIBILIDADES

Os premios son compatibles con calquera outro da mesma natureza e finalidade.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados irán con cargo á aplicación orzamentaria 2023 00VI 131H 22699 e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 2.500,00 euros para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía de cada premio será de **500 euros**.

3. O pagamento do premio efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. A persoa solicitante deberá encher o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/12411, **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede, e pór como **asunto** "Premios Cátedra Telefónica-Uvigo", achegando unicamente o arquivo coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de



Vigo dispón de instrucións de axuda que os/as solicitantes deberán observar en todo momento. https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados/as neste procedemento (artigo 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, solicitarase que a presente electrónicamente. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizou a emenda, de acordo co artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. O prazo de presentación das candidaturas comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará o **27 de outubro de 2023 ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- Informe do traballo resaltando o Obxectivo da Axenda 2030 relacionado co traballo e as metas ás que pode contribuír, a súa innovación, posibilidade e viabilidade do seu desenvolvemento e repercusión social. O informe terá unha extensión máxima de 10 páxinas en formato pdf e constará das seguintes partes:
 - i) Presentación (Titulo do traballo, Autor, Centro, ODS obxectivo),
 - ii) Resumo do Traballo Fin de Master,
 - iii) Propostas e desenvolvemento do traballo no contexto da Axenda 2030 e de acordo cos criterios do punto 6
 - iv) Conclusións.
- Copia en formato pdf do Traballo Fin de Máster

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A sección de Axudas e Bolsas logo de o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

A selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:



CSV : GEN-e2c4-1f00-6444-80b6-e84c-1273-0aab-5725

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 24/07/2023 10:29 | NOTAS : F

- i) Calidade do informe: Calidade da redacción e da presentación. Datos, estudos e información da relación entre o TFM e os obxectivos da Axenda 2030. (máximo 6 puntos)
- ii) Innovación (máximo 4 puntos)
- iii) Repercusión e interese social (máximo 3 puntos)
- iv) Posibilidade e viabilidade do seu desenvolvemento (máximo 3 puntos)

Para a concesión do premio será necesario obter unha puntuación mínima de 10 puntos.

A Comisión de avaliación dos Premios estará por composta:

Presidente/a: director da Cátedra Telefónica-Uvigo ou persoa en quen delegue

Vogais:

Dr.D. Javier Rodeiro, profesor Contratado Doutor da área de Linguaxes e sistemas informáticos

Dra. Dna. Elena Mercedes Alonso Prieto, profesora titular da área de Explotación de minas

Dra. Dna. Rebeca P. Díaz Redondo, profesora catedrática da área de Enxeñaría telemática

Dr.D. Iñigo Cuiñas Gómez, profesor catedrático da área de Enxeñaría de Teoría do sinal e comunicacións

Dra.Dna. Beatriz Legerén, profesora da área de Comunicación audiovisual e publicidade

Dra.Dna. María Montero, profesora titular da área de Fundamentos da análise económica

Dr.D. Benedicto Soto, profesor titular da área de Edafoloxía

Dr.D. José Luis González Cespón , profesor titular da área de Expresión Gráfica

Dr.D. Jesús Hernández Suárez, profesor catedrático da área de Pintura

Dna. Ana Flórez Enciso, jefa de Innovación Territorio Norte. Telefónica

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con premio concedido, denegado** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o *formulario de alegacións* na secretaría virtual dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle ao reitor quen adxudicará os premios mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.



A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e a súa contía, as persoas con premio denegado e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, producindo os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIAS

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

8. OBRIGAS

A persoa premiada debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que lle sexa de aplicación*.

9. PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual do traballo premiado e a propiedade material dos documentos que o integran corresponden ao autor/a do mesmo. A Cátedra Telefónica da Uvigo poderá difundir con fins publicitarios o título, resume e autor do traballo premiado.

10. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro destes premios:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.



CSV : GEN-e2c4-1f00-6444-80b6-e84c-1273-0aab-5725

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 24/07/2023 10:29 | NOTAS : F

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

12. Protección de datos

Información sobre a política de protección de datos en:
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf>



CSV : GEN-e2c4-1f00-6444-80b6-e84c-1273-0aab-5725

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 24/07/2023 10:29 | NOTAS : F